8-10 ANOS

EQUIDADE DE XÉNERO

CONTOS PARA VIVIR, CONTOS PARA PENSAR

kaleidoskópio

INTRODUCIÓN SOBRE A ORIXE

Esta proposta didáctica ten a súa orixe no proxecto internacional Conectando mundos. Moitos mestres e mestras pedírannos poder dispor das actividades que aparecían na plataforma on-line de Conectando mundos para poder levalas a cabo nos seus centros independentemente das fases, dos calendarios e do proceso cooperativo con outras escolas.

Mantivemos as animacións, as liñas argumentais e os niveis de contido, e adecuamos as actividades ao novo contexto fora da plataforma on-line para que poidades levalas a cabo con éxito.

Recomendámosvos unha lectura desta guía, que vos facilitará pistas para o desenvolvemento das diferentes actividades que se propoñen, e ideas para profundar en determinados aspectos e temas.

Máis información na web www.conectandomundos.org

OXFAM Intermón

Índice

Resumo da animación, obxectivos e temas ____ 3

Indicadores de avaliación de competencias ____ 4

Actitudes do profesorado: currículo oculto ____ 5

Pautas metodolóxicas para o desenvolvemento das actividades ____ 6

Para profundar ____ 17

Glosario ____ 20

Bibliografía ____ 22

Ficha 1: Guía para analizar contos ____ 23

Resumo da animación, obxectivos e temas

Chen (nicaraguano), Gotzone (vasca), Meriem (marroquí) e Hannah (italiana) ven con horror cómo os seus compañeiros da aula ocupan novamente todo o espazo de recreo para xogar un partido de fútbol. Isto xa non se pode soportar máis...

Tamén queren espazo para xogar e non o teñen. Ademais, Meriem devece por xogar fútbol. Ela preferiría estar a xogar cos mozos, mais non lle deixan... Non é xusto! En troco, Chen non gusta nada do fútbol, mais non se atreve a dicilo publicamente porque os mozos da súa aula ririan del.

As relacións de poder que se establecen no recreo servirannos para coñecer as historias ou os casos que poidan ocorrer en cada un dos países de procedencia.

Obxectivos

- Construír e desenvolver a propia identidade: cómo somos e cómo nos ven
- Desenvolver a alteridade: o respecto da diferenza e da outra persoa
- Vincular ao ambiente máis próximo para visualizar a desigualdade de xénero: traballar coas familias
- Traballar pola mudanza cara unha sociedade igualitaria
- Aprender a xestionar as emocións nas relacións entre iguais
- Visualizar, sentir e desmontar a construción cultural dos estereotipos de xénero

Abordaxe prioritaria da liña de traballo

- Identificar roles e estereotipos para evidenciar a igualdade de dereitos (traballo reprodutivo, feminización das profesións, ocupación do espazo)
- A construción social do xénero a través dos contos
- Historias familiares: expresar modelos

Indicadores de avaliación de competencias

Competencia lingüística

- Comprensión global do texto.
- Identificación das ideas principais e secundarias.
- Diferenciación de feitos e opinións, de contidos reais e fantásticos.
- Uso do vocabulario específico.
- Escoita activa.
- Participación e respecto pola estrutura da conversa.
- Expresión con ritmo, pronunciación e entoación.
- Fluidez e riqueza expresiva.
- Presentación clara e ordenada.
- Resposta a preguntas tras unha presentación.

Competencia emocional, social e cidadá

- Valorización das linguas como medio de comunicación e entendemento.
- Identificación e recusa de calquera tipo de prexuízos.
- Defensa dos dereitos humanos.
- Análise de causas, interrelacións e riscos.
- Escoita activa.
- Respecto para coas obras e coas opinións dos demais.
- Colaboración nas tarefas de grupo.
- Cumprimento dos acordos adoptados.
- Expectativas positivas para co traballo do grupo.
- Coñecemento e aceptación de todos os compoñentes do grupo.
- Actuación flexíbel, dialogante en situacións problemáticas.
- Elaboración de normas da aula.
- Análise das consecuencias do incumprimento da norma.

Competencia artística e cultural

- Presentación multimedia dun contido.
- Gozo da expresión artística.
- Orixinalidade ou inventiva nas respostas.

Competencia aprender a aprender

- Selección e preparación de materiais.
- Autocontrol da atención e perseveranza na tarefa.
- Busca de alternativas.

Actitudes do profesorado: currículo oculto

O desafío para a comunidade educativa con relación á igualdade de xénero é o de tratar de evitar que, de forma non intencionada, se transmitan a través de comentarios, brincadeiras ou diferenzas de trato, expectativas diferentes sobre os resultados escolares que poidan influír na asimilación dos estereotipos e papeis tradicionais.

Por tanto, o profesorado debe reflexionar sobre qué está a reforzar de forma inconsciente (currículo oculto) e qué modelos está a transmitir ao alumnado.

Propómosvos observar:

- Comentarios sobre o físico, a roupa ou o bo comportamento dirixidos ás nenas, e sobre a intelixencia, o aspecto desaliñado, a sucidade ou o mao comportamento dirixido aos nenos.
- Brincadeiras: As súas brincadeiras aluden a estereotipos?
- Diferenza de trato:
  - Ese máis permisivo cando un neno alborota que cando o fai unha nena?
  - Nas nenas foméntase a expresión de emocións mentres que nos nenos é coartada ou ridiculizada?
  - Permítese a expresión de rabia nos nenos e na nenas inhíbese?
- Expectativas diferentes sobre os resultados escolares:
  - Esíxelles o mesmo rendemento e esforzo a nenas e nenos?

Cando un neno fai algo mal, considérase que errou, dedícaselle atención e apoio, e é convidado a tentalo de novo. Se o fai mal unha nena, dáse por feito que, por ser nena, ía errar e non é convidada a repetir a tentativa.

- Outros aspectos a analizar con relación ás expectativas:
  - É utilizado o mesmo ton de voz se nos dirixirmos a unha alumna ou a un alumno?
  - A quen diriximos máis a ollada cando falamos, aos nenos ou ás nenas?
  - Reaccionamos de igual forma cando solicita afecto e contacto físico un neno ou unha nena?
  - Pídese aos nenos que realicen traballos máis pesados e ás nenas, máis lixeiros?
  - Faise o mesmo número de preguntas a nenos e a nenas?
  - Rífaselles por igual?
  - Fálaselles por igual?
  - Pídese máis axuda ás nenas para ordenar, limpar, decorar, etc.?
  - Pídese máis axuda aos nenos para a organización, encárganselles as tarefas de responsabilidade, etc.?

Pautas metodolóxicas para o desenvolvemento das actividades

Sobre os debates

Nesta proposta didáctica queremos facer énfase no diálogo, no debate, no intercambio de opinións, no interese e no respecto polas opinións dos demais. Para iso, suxerimos preguntas que fomenten debate e reflexión.

A título de exemplo: Que ideas novas fornecen os outros grupos? Estades de acordo? Con cales si? Con cales non? Por que? Que ideas novas fornecemos nós?

Para introducir o debate sobre o recreo e a lista de ideas para un patio ideal, propómosvos as seguintes preguntas:

A partir da historia de Meriem e Gotzone:

- Coñecedes alguén que vivise algunha situación así?
- Por que credes que ocorre isto?
- Estades de acordo con isto?
- Os homes son mellores en deportes? Por que?
- Existen xogos ou deportes de mozos e xogos ou deportes de mozas?

Sobre a realidade máis próxima:

- Que xogos se xogan no voso patio? Quen vos propón? A todos lles gustan os mesmos xogos/deportes?
- Que che gustaría que tivese o patio? Que é o que máis che gusta do patio?
- Que lle quitarías? Quen ocupan máis espazo? Por que?
- Animádesvos a facer de observadores e observadoras durante un recreo para ir anotando o que ocorre? Que credes que ocorre?
- Podedes xogar sempre aos xogos que queredes? Por que?

Propómosvos que as conclusión que vaiades obtendo nas diferentes actividades, debates, etc. as recompiledes en cartolinas a fin de construír un mural que vos sirva como recordatorio dos temas e actividades traballados.

Distribución de espazos no patio de recreo

A distribución de nenas e nenos no espazo escolar non é igualitaria, como demostrou a observación sistemática de ambientes escolares pautados (como aulas, bibliotecas, etc.) e outros con menor vixilancia e intervención do profesorado (como patios de recreo, corredores, etc.).

Nos patios de recreo –cando estes son espazos pechados– estabelécense relacións de aceptación e rexeitamento que se traducen, nes-

Páx. 4
caderno de actividades

te caso, na ocupación do espazo central e de maior calidade por parte dos grupos dominantes (en xeral, nenos e mozos que xogan fútbol), e do resto do espazo polos grupos non dominantes (nenas e mozas con xogos tranquilos, e nenos que non participan na actividade deportiva).

O recreo escolar é precisamente un momento chave de socialización e aprendizaxe de habilidades sociais:

- Fanse novos amigos e amigas a un nivel máis profundo que co mero contacto en clase.
- Prográmanse novos encontros no lar, no deporte, no estudo e na cidade, que afianzan a relación e a amizade.
- Créanse afectos e proxectos comúns.
- Tamén chocan ideas, desexos de xogos e apréndese, ou non, a respectar as diferenzas sen perder a amizade.
- Púlense, ou non, comportamentos agresivos e dominantes que, máis tarde, serán luces ou sombras no propio futuro mundo laboral e/ou familiar.
- Apréndese a compartir ou consérvase unha actitude egoísta.
- Téndese a superar a timidez e a expresarse con propiedade, sostendo con sinceridade as ideas que se consideran correctas.
- Apréndese, ou non, a traballar en equipo e a participar en proxectos comúns en favor dos demais.

Fonte: http://www.juntadeandalucia.es/averroes/html/adjuntos/2008/06/04/0001/adjuntos/pdf/diagnostico_4.pdf

PARA CONTINUAR A PROFUNDAR: ALGUNHAS EXPERIENCIAS PRÁCTICAS

Fornecémosvos dúas experiencias prácticas acompañadas de recursos que poden servir para analizar e xestionar o espazo de recreo dunha forma democrática e igualitaria.

Colexio de Albalate de Cinca, Huesca, España

Trátase dun proxecto da escola de Albalate de Cinca destinado a democratizar os recreos escolares. Por iso, organízanse unha serie de espazos-xogos de actividade en que os nenos poden participar ou non. A idea nace, non como obriga, senón como alternativa á actividade habitual do alumnado, que estaba baseada en poucos xogos, "feudalismo territorial" (grupos de nenos ou nenas que sempre ocupan os espazos e non permiten que outros nenos ou nenas poidan gozar destes), pouca actividade física e lúdica, moitos alumnos e alumnas inactivos ocupando recantos da escola, pouca interacción, mozas pouco participativas nos recreos, nenos máis cativos sempre no mi mesmo espazo, etc.

Fonte: http://www.albeos.org/IMG/pdf/RECREJUEGOS.pdf

Centro de Educación Infantil e Primaria Mercedes Medina Díaz, Lanzarote, España

O proxecto "Optimización lúdica e regulación da convivencia no patio de recreo" comeza en 2005 coa finalidade de optimizar o espazo do patio durante o recreo e mellorar as relacións que nel se estabelecen. Na primeira fase –"Aquí xogamos todos e todas"–, é redeseñado o espazo e creadas diferentes zonas de xogo (voleibol, béisbol, tres en raia e xadrez), adquirido novo material deportivo e didáctico, e seleccionados os responsábeis pola entrega e recolla do referido material, así como do uso do mesmo durante o recreo.

A segunda fase –"Aprendemos a convivir xogando"– desenvólvese coa intención de que sexa o propio alumnado quen regule a convivencia e coide das relacións interpersoais no patio de recreo.

Fonte: http://www.cepcuevasolula.es/espiral/articulos/ESPIRAL_VOL_3_N_6_ART_3.pdf

DIFERENZA ENTRE SEXO E XÉNERO

É utilizado o termo *sexo* para facer referencia ás características anatómicas e fisiolóxicas propias do home e da muller, e *xénero* cando nos referimos a actitudes e capacidades que son atribuídas a cada sexo, consecuencia do papel que socialmente se destinou a cada un deles, constituíndo estereotipos culturais do que cada sociedade espera tanto dos homes como das mulleres.

O feito de que os referidos comportamentos non dependan da herdanza ou da bioloxía posibilita que a escola, como axente de mudanza e transmisión da cultura propia da sociedade en que está inmersa, desempeñe un papel crucial na adquisición dos papeis sexuais por parte do alumnado.

Debate sobre "a folga de mamá"

Páx. 5
caderno de actividades

Algunhas ideas sobre as que podemos reflexionar despois da lectura do conto son:

- Os traballos de coidados –cómo facer o almorzo, axudar a vestirse, preparar a mochila, recoller as cuncas e os pratos, acompañar á escola, e dar moitos beixos e apertas para que o día comece ben–, son imprescindíbeis para o funcionamento da sociedade. Sen eles, non poderíamos realizar outras tarefas, como o traballo remunerado, a participación política, a formación académica e a creación artística.
- A pesar da súa importancia, ás veces nin sequera son considerados "traballos". Moi ao contrario, son considerados obrigas e non se adoita recoñecer o esforzo das persoas que o realizan, nin a experiencia e os saberes necesarios para os realizar correctamente. A pesar diso, é importante insistir en que todos e todas, independentemente da idade, podemos aprender a realizar os referidos traballos cun pouco de interese e atención, e colaborar na medida das nosas posibilidades, de maneira que a familia se coide mutuamente.
- Todas as persoas, sen excepción, necesitamos e temos dereito a que nos coiden, a coidar e a coidarnos. sen embargo, son mulleres –mamás, fillas, avoas, irmás, traballadoras domésticas, etc.– as que realizan 80% destes traballos e, en consecuencia, as que reciben menos coidados e teñen menos tempo para se coidar. É necesario distribuír estes traballos de maneira máis equilibrada para que todos e todas sexamos máis felices e esteamos mellor coidados.

Fonte: *A revolución dos coidados* publicado por Ayuda en Acción, InteRed e Entreculturas

Análise da enquisa sobre distribución de tarefas

Páx. 9
caderno de actividades

No formulario sobre tarefas domésticas é conveniente que se anoten previamente outros elementos máis característicos da zona ou da realidade cultural en que se vive. Recoméndase que a enquisa sexa realizada coa axuda da familia.

Unha vez completada, na aula serán contabilizadas as tarefas que realizan as mulleres (incluídas avoas, empregadas do lar, etc.), os homes, os nenos e as nenas. É un bo momento para analizar qué tipo de tarefas domésticas realizan os nenos e as nenas, eles mesmos, ou súas irmás ou irmáns.

Á luz dos datos, poderemos preguntarnos:

- Son importantes as tarefas da casa? Por que?
- As mulleres limpan e cociña mellor, por iso tócalles esa tarefa?
- As mulleres e os homes son diferentes, e teñen que facer traballos diferentes?
- Son as nais as responsábeis polas tarefas de casa?
- As mulleres son as que teñen que coidar dos fillos e as fillas?
- É xusta esta situación?
- Que podemos facer para mudala?
- Que tarefas poden facer as nenas e os nenos?
- ...

Apuntamentos sociolóxicos sobre a distribución de tarefas

Prof. Dr. Gerardo Meil Landwerlin, Departamento de Socioloxía, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Universidade Autónoma de Madrid, Madrid, novembro de 2004, *A distribución de responsabilidades domésticas na Comunidade de Madrid.*

"Os factores que máis claramente están asociados cunha maior participación dos homes no traballo doméstico son, por un lado, a incorporación da muller ao mercado de traballo e, por outro, a ideoloxía de papel de xénero da muller e, sobre todo, do home. Neste sentido, a incorporación do home ao traballo doméstico ten lugar no cadro das esixencias das mulleres nese sentido. Mais non dunha forma consciente e negociada sobre os termos da distribución, senón sobre a base dunha convicción do home de que debe participar. Isto é, que o considera como "normal" ou "evidente" e asume responsabilidades nese sentido.

Se a muller considera que "xa fai bastante", ou o home "que non lle corresponde" –como formulación actualizada de "non é cousa de homes"–, dificilmente pode atinxirse unha redefinición dos termos da distribución do traballo no seo da parella. A socialización no lar dos pais en modelos de papel igualitarios e a implicación, como fillo, no traballo doméstico do lar dos pais evidenciase como un importante factor que aumenta as probabilidades dunha implicación activa que vai máis alén de axudas puntuais ou menores. Entre as parellas case-igualitaristas está sobrerrepresentado este tipo de homes, mais tamén cabe encontrar a quen, de mozo, na casa de seus pais, eran servidos por súas irmás. Unha distribución máis igualitaria do traballo doméstico, por tanto, non só implica unha educación non sexista, senón tamén unha educación na distribución das responsabilidades domésticas, sen que a súa falta impida, necesariamente, a mudanza social neste ámbito.

Aínda que a implicación dos varóns é maior nas fins de semana que entre semana, a duración da xornada laboral do home non aparece claramente asociada cunha participación maior ou menor. Isto é así non só na implicación nas tarefas domésticas, senón tamén no coidado de nenos. O que os pais varóns vaian máis alén de xogar cos nenos e que se impliquen activamente no seu coidado e atención non está condicionado pola súa sobrecarga relativa, senón pola súa ideoloxía de papel e o estatus laboral da muller. Neste sentido, hai moitos pais varóns que mostran unha falta de responsabilidade con relación a seus fillos á luz das novas realidades sociais."

Sobre os estereotipos: "muller cuidadora" e "home mantedor"

Os estereotipos como o de "muller coidadora" e "home mantedor" fíltranse a través de numerosos contextos que chegan ao noso alumnado e que van desde as imaxes dos libros de texto até os anuncios televisivos, a publicidade de xoguetes, ou comentarios como os seguintes:

Moi ben, rapaz! Se continúas a ter estas notas, de maior poderás facer cousas en que ganes moito diñeiro.

Olla, fillo, se non estudares, terás que encontrar un traballo. Non pensarás que a túa familia vai vivir do aire.

Non perdas o tempo en facer a túa cama, que xa a fará túa nai, e ponte a estudar inmediatamente.

Se non fores ordenada agora co teu cuarto, que será de ti cando teñas que levar unha casa?

O estereotipo de "muller coidadora" inflúe nas nenas, de xeito que limita a imaxe que elas teñen de si mesmas como profesionais autónomas. É un estereotipo asociado ao modelo de familia tradicional, que identifica nai (e as mulleres en xeral) como única coidadora e que dificulta que se vexan formando outros tipos de familia en que un grupo de persoas se coidan entre si, colaboran na realización das tarefas domésticas e ao mesmo tempo exercen unha profesión.

Por súa vez, o estereotipo de "home mantedor" ás veces inflúe nos nenos, de xeito que non lles é fácil verse a si mesmos como seres autónomos capaces de se coidar e de coidar, porque non conseguen imaxinar os beneficios deste tipo de situacións. Probabelmente esta sexa unha das razóns por que os mozos continúan a acceder con dificultade a profesións en que é fundamental o coidado doutras persoas, xeralmente dependentes, como a enfermaría, o coidado de persoas maiores, o profesorado de educación infantil, etc.

Qué entendemos por traballo produtivo / traballo reprodutivo

En xeral, as mulleres participan nas estruturas produtivas de diferentes formas. Son produtoras de bens e servizos para o mercado tanto na economía formal como na economía informal ou somerxida. Ademais, son produtoras de bens e servizos non comerciais a través da produción doméstica e de subsistencia.

O traballo reprodutivo ou traballo doméstico debe ser considerado como referente imprescindíbel para comprender a actividade económica en todo o conxunto do proceso de produción. O traballo doméstico ou reprodutor comprende:

- As tarefas do coidado do lar e da familia (tarefas domésticas, de mantemento e coidado das persoas ou asistenciais).
- O conxunto de actividades realizadas como mediación entre a familia e os servizos que as diferentes institucións públicas ofrecen á cidadanía: xestión dos servizos educativos, sanitarios, de lecer, etc.
- O conxunto de tarefas derivadas da administración, xestión do doméstico e tarefas burocráticas. O traballo reprodutivo non se limita ao espazo físico do lar aínda que constitúe o núcleo principal en que se desenvolve. Debe ser tido en conta o feito de numerosas tarefas seren desenvolvidas nun espazo familiar comprendido dentro e fóra do lar.

O traballo produtivo refírese á produción de bens e servizos para o mercado e a súa realización é remunerada. Contabilízase no Produ-

to Interior Bruto (PIB) e non inclúe a economía informal ou somerxida nin o traballo doméstico, realizados ambos maioritariamente por mulleres.

O valor dos contos

Páx. 13
caderno de actividades

O conto é un excelente recurso para transmitir valores de igualdade e coeducación desde unha idade precoz, cando se comeza a organizar o código moral da persoa, ao lle permitir traballar anticipadamente na resolución de situacións futuras.

A persoa adulta debe tomar conciencia do sexismo interiorizado para minimizar a súa influencia no momento de escoller, ler ou narrar os contos, e deseñar propostas de traballo con eles. De maneira intrínseca, os contos teñen un currículo oculto propio que debemos revelar e someter á crítica.

Os contos son moi importantes porque transmiten mensaxes de superación de dificultades, mais tamén vehiculan valores diferenciados en función do sexo. Estes valores son transmitidos polos e polas protagonistas dos contos, sendo os personaxes femininos pasivos e delicados, e os masculinos, fortes e valentes.

Estereotipos máis frecuentes nos contos de fadas

Historicamente, a orixe dos contos de fadas sitúase nas casas, onde se relataban historias á luz do lar. Case sempre eran narrados polas nais e avoas, porque eran as encargadas da educación e do coidado.

Primeiro foron transmitidos de forma oral e, unha vez inventada a imprenta, comezaron a ser transmitidos os costumes da burguesía de forma escrita. Pasado o tempo, a aristocracia apoderouse desas historias e impuxo os seus valores e modais. Ao ficaren plasmados por escrito, garantiuse un medio para inculcar eses modelos ás nenas e aos nenos.

Os estereotipos máis frecuentes son:

- O príncipe é sempre o salvador da princesa.
- Aínda que non sexa o protagonista do conto, sempre termina resolvendo o problema.
- Os contos preséntannos un príncipe aventureiro, ousado e responsábel do reino.
- A figura do príncipe é moi importante porque, doutro xeito, a princesa non podería resolver o seu problema.
- Os contos de fadas mostran mulleres superficiais.
- Propóñennos un amor ideal.
- É moi frecuente que os personaxes namoren a simple vista, basta con que se vexan para saber que están feitos o un para o outro.
- A maioría dos contos de fadas propoñen unha idea de amor que sempre termina en matrimonio. Case nunca decide a moza, deciden por ela seus pais ou o príncipe, o seu salvador.

Como hai que ser para que un príncipe repare en ti?

Con relación aos estereotipos dos personaxes femininos, todas as nenas noviñas que queiran encontrar o seu príncipe deben ser boas, bonitas, pasivas, virxinais, abnegadas, submisas e doentes. Existe unha alternativa, que supón ser activa, agresiva, ambiciosa, egoísta, independente, fea, intuitiva, amargada e destrutiva. Así, ninguén te amará, serás a ma.

A submisión, a pasividade, a beleza e a atribución aos espazos domésticos son características comúns a case todos os personaxes femininos dos contos tradicionais. Nestas historias, a beleza desempeña un papel fundamental, sobre todo porque é un valor atribuído ao mundo feminino como un dos mellor valorizados pola sociedade.

A transmisión desta idea chega a ser tan agresiva que, para ser máis belas cás demais, somos capaces de facer calquera cousa, mesmo cando isto nos leve a traspasar límites (como no caso da madrasta ou de Branca de Neve, que se deixou convencer pola bruxa para ser máis bela, pondo en perigo a súa vida). Ademais, é moi importante destacar que, para Branca de Neve, a beleza é o eixo principal de toda a súa vida, a causa de todas as súas desgrazas e sufrimento.

Personalidade masculina e feminina: papeis, actitudes e pertenzas

Feminino

- Esposas de reis
- Princesas pacientes
- Bruxas malvadas
- Madrastas perversas
- Nenas medrosas

Masculino

- Reis poderosos
- Príncipes valentes
- Guerreiros audaces
- Ogros feroces
- Policías xusticeiros

Actitudes delas

- Pasividade
- Submisión
- Timidez
- Coquetería
- Docilidade
- Laboriosidade
- Mesquindade
- Superficialidade

Actitudes deles

- Valor
- Intrepidez
- Agresividade
- Dominación
- Aventura
- Protagonismo
- Intelixencia
- Coñecemento

Obxectos delas

- Variñas máxicas
- Vasoiras
- Veleno
- Adornos e xoias
- Coroas
- Peites e espellos
- Fusos e rocas
- Fíos e agullas

Obxectos deles

- Cetros
- Espadas
- Escudos
- Naves
- Cabalos
- Pistolas
- Diñeiro
- Capas

Os contos desde a perspectiva de xénero

Os contos non sexistas ofrecen a posibilidade de transmitir modelos de relación e desenvolvemento afastados de estereotipos sociais e culturais, ben como de modificar eses modelos, sexa para a súa reinvención ou para reflexionar de xeito crítico sobre eles.

Representan unha forma de relación do alumnado, con respecto aos seus ambientes e situacións, e unha forma de abordar novas situacións e novos conflitos, ao extrapolar as resolucións dos contos ao mundo cotián.

Fomentan a avaliación crítica de actitudes psicoafectivas, especificamente con relación ao xénero, que levan á adquisición de valores e á eliminación de estereotipos.

Para iso, tomamos como base o recente estudo realizado por Adela Turín, investigadora no campo da literatura infantil desde a perspectiva de xénero, que formula as seguintes características específicas relacionadas coa igualdade:

- Equilibrio entre o número e a presenza de personaxes femininos e masculinos.
- Equilibrio nos papeis persoais e/ou profesionais desempeñados polos protagonistas.
- Compensación na atribución de actividades: deportes, ciencia, actividades domésticas, risco, aventura, etc.
- Igualdade no relativo a sentimentos e elementos emocionais: valentía, medo, responsabilidade, sensibilidade, decisión, éxito social, etc.
- Atribución de cores ás ilustracións.
- Énfase nas características físicas.
- Atribución estereotipada de obxectos cotiáns aos personaxes.

Ficha de rexistro de indicadores coeducativos

INDICADORES COEDUCATIVOS	Si	Non
Equilibrio do número de personaxes masculinos e femininos	✓	
Atribución de papeis estereotipados a os personaxes		✓
Equilibrio na atribución de actividades a ambos os sexos	✓	
Igualdade na atribución de sentimentos, emocións e maneiras de expresión con independencia do sexo	✓	
Énfase en características físicas estereotipadas		✓
Atribución de obxectos estereotipados aos personaxes		✓
Utilización de linguaxe sexista		✓
Ilustracións parciais para con algún sexo		✓
Argumentos que destacan a igualdade ou fomentan a análise crítica da mesma	✓	

✔ = Modelo correcto de avaliación de trazos coeducativos nos contos

Para profundar máis neste tema, na ficha 1 encontraredes unha guía para reflexionar sobre se un libro contén elementos sexistas ou non.

Pode ser interesante utilizala como material de apoio e consulta, sen ter que responder de maneira exhaustiva a cada unha das preguntas que propón.

Fonte: *Contar cuentos. Cuenta en femenino y en masculino*, Almudena Mateos Gil e Itxaso Sasiain Villanueva (Instituto da Muller)

PAUTAS PARA ESCRIBIR UN CONTO COLABORATIVO

Teremos que ter en conta os elementos do xénero narrativo:

- **Narrador:** Pode falar en primeira ou terceira persoa do singular.
- **Espazo:** Lugar ou lugares en que ocorren os feitos, deberemos describilos ben. Onde se desenvolve a narración?
- **Tempo:** Data definida, ou non, en que decorrerá a historia. Pode ser nun tempo remoto, actual ou futuro.
- **Personaxes:** Principais e secundarios. Nun conto, as descricións dos mesmos non serán moi completas, mais si temos que dicir cómo son. Moitas veces aparecerá un protagonista, que quere conseguir algo, e un antagonista, que tenta impedirllo. Cal é o personaxe principal? Como describiríamos o referido personaxe? Como é o resto dos personaxes?
- **Historia:** É o máis importante deste conto e normalmente será ficticia, isto é, non real. Todo comezará nunha situación que será o PROBLEMA. A partir de aí poden ocorrer un ou varios SUCESOS que vaian complicando a historia, até que se chega á SOLUCIÓN, ou conclusión, que implique unha ensinanza ou conclusión moral. Cal é o problema que se propón? Que sucesos importantes ocorren na narración? Cal é o desenlace? Cal sería o meu resumo desta narración?

A pirámide narrativa pode axudar no desenvolvemento de creación tanto da historia como dos personaxes. Xuntamos un exemplo:

Pirámide narrativa

Nome: .....

Título do libro: .....

Data: .....

Nome do personaxe

.....

Dúas palabras que describan o personaxe

.....

Tres palabras que describan o lugar en que ocorre

.....

Catro palabras para indicar cál é o problema

.....

Cinco palabras para describir un suceso que ocorrese na narración

.....

Seis palabras para describir outro suceso que ocorrese na narración

.....

Sete palabras para describir un terceiro suceso que ocorrese na narración

.....

Oito palabras para describir cál é a solución ao problema

.....

Resumo: .....

.....

.....

Para profundar

A educación intercultural desde a perspectiva de xénero, Luz Martínez Ten

Con frecuencia, os debates sobre a igualdade de xénero no sistema educativo son relegados a un capítulo á parte ou a unha epígrafe explícita sobre coeducación que acostuman desenvolver mulleres especialistas no tema. Da mesma forma, ao abordar a interculturalidade, a realidade da discriminación coas mulleres desaparece da liña principal do discurso, facéndose unicamente explícita cando se tratan temas moi concretos que fan referencia quer ao conflito cultural, porque constitúen un atentado contra os dereitos fundamentais das mulleres, quer a situacións que son claramente identificábeis como trato diferencial coas alumnas. En educación, tal como ocorre noutros ámbitos, o tratamento da igualdade céntrase exclusivamente en situacións que afectan as mulleres como colectivo. Desta maneira, obvia claramente a categoría de xénero que analiza o papel outorgado a mulleres e homes – e as relacións que se establecen entre ambos – proposto polos distintos modelos de Educación intercultural. A ausencia de análise desde unha perspectiva de xénero non só oculta as situacións de discriminación que viven as mulleres nos diferentes contextos culturais, senón que impiden deseñar un modelo educativo que eduque en igualdade.

A relación entre feminismo e multiculturalidade constitúe un dos elementos imprescindíbeis para o desenvolvemento dun modelo educativo intercultural que incorpore a igualdade de xénero como un fundamento ético irrenunciábel, tanto no concepto mesmo de interculturalidade, como no regulamento educativo, na análise e no deseño, aplicación e avaliación da práctica educativa.

Para comezar, é necesario repensar o modelo intercultural desde unha perspectiva feminista, que centre o debate entre universalismo e diferenza, partindo da vindicación da igualdade entre os sexos. Existe un amplo consenso sobre a importancia do recoñecemento cultural desde unha posición crítica que é preciso transferir para o modelo educativo, desde a perspectiva de xénero.

É difícil desenvolver estratexias concretas se non reflexionamos sobre os valores de igualdade que consideramos fundamentais no currículo, así como outras decisións que teñen que ver coa xestión e organización do centro.

É necesario incorporar a perspectiva de xénero en todas as variábeis que fan parte da realidade educativa, desde as regras de convivencia, a participación das familias, a educación afectivo sexual, a orientación educativa e profesional do alumnado, até a relación que se establece entre relixión e educación. “O feito de que España se teña convertido, desde hai poucos anos, nun país de destino para grupos de inmigrantes procedentes de diversas partes do mundo, introduciunos plenamente nun mundo de encontros e desencontros culturais. E se hai unha institución en que estas mudanzas sociais se reflicten, esta é a escola: nas aulas teñen lugar tanto conflitos

como acordos. Ora ben, a escola pode ser unha institución de reprodución das relacións sociais ou un poderoso instrumento de transformación. A escola pode ser un lugar onde se reproducen as desigualdades culturais ou un espazo onde teñen lugar encontros interculturais.

Este encontro intercultural con fin transformador debe revisar, de forma crítica, aqueles valores, costumes e tradicións que historicamente discriminaron as mulleres, e ensinar a compartir a vida en igualdade. Esa igualdade que está pactada na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e sobre a que se debateu amplamente nas diferentes Conferencias Internacionais das Mulleres (a última en Pequín, 1995) e que levou á sinatura dunha Plataforma que defende claramente cáles son os obxectivos que deben ser atinxidos, para as mulleres de todo o mundo.

Fonte: http://www.escuelasinterculturales.eu/spip.php?article148

O poder que temos en nós, Zeliha Ünaldi

30 de xullo 2015

A miña non é unha historia pintoresca como poderían imaxinar, mais antes unha historia de toma de conciencia e realización persoal. Subir ao tren expreso a Pequín e participar no Foro de ONG na Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller en 1995 foi unha experiencia que mudou a miña vida.

Con máis de 200 mulleres representantes de ONG de 29 países, pasei oito días nun tren transiberiano de Varsovia a Pequín. A duración da viaxe non nos importaba xa que todas estábamos dedicadas a transformar o mundo.

Aos 24 anos, eu era unha estudante de posgraduado, unha das primeiras do programa de Estudos de Xénero e a Muller da Turquía na Universidade Técnica do Medio Oriente. Fun elixida para representar ese programa en Pequín. Observei que nos bolsos que se entregaban á xente estaba impresa unha citación da feminista mundialmente famosa Sue Vinson: "éramos moitas e unha" e "ver o mundo a través dos ollos das mulleres". Cando lembro eses días, en que me reunía ao redor das carpas con millares de mulleres comprometidas a facer un mundo mellor, inmediatamente dúas palabras veñen á miña mente: irmandade e paz. Continúo a crer na irmandade, aínda que isto pareza anticuado para as novas xeracións. A Declaración e Plataforma de Acción de Pequín e os cinco anos seguintes axudáronme a comprender o poder que está en nós e que temos como movemento mundial das mulleres.

En 1995, debatemos sobre cómo harmonizar as leis nacionais coa Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller e a Plataforma de Acción de Pequín. Hoxe en día, debatemos sobre cómo aplicalas con eficacia e eficiencia. O camiño foi longo. Nestes 20 anos, moitas cousas mudaron para as mulleres na Turquía, mais, por outro lado, non houbo mudanzas substanciais na vida das mulleres turcas. A fins da década de 1990 e comezos da de 2000 houbo mudanzas lexislativas importantes para a conse-

cución da igualdade de xénero. O movemento e as organizacións de mulleres avogaron con éxito a favor das mudanzas no Código Civil, no Código Penal e na lexislación laboral.

Porén, na Turquía dúas en cada cinco mulleres casadas están en risco de ser obxecto de violencia doméstica. Teño a sensación de que na Turquía o entusiasmo pola Plataforma de Acción de Pequín se desvaneceu un pouco, especialmente nos últimos dez anos.

Desde a conferencia de Pequín traballei na área de xénero e desenvolvinme como consultora e activista. Pasei os últimos tres anos nas rexións menos desenvolvidas da Turquía traballando con ONG de mulleres. No meu traballo e na miña carreira, aínda sinto o vento de Pequín que me impulsa para a fronte. Agora estou a traballar no Gabinete do Coordinador Residente das Nacións Unidas en Ankara, a capital da Turquía, como a especialista de xénero. Sinto que me estiven a preparar para este cargo desde o día en que me subín ao Expreso de Pequín e participei no foro das ONG.

Desexo transmitir o espírito de Pequín ás xeracións máis novas. Aínda somos "moitas e unha" e, infelizmente, aínda continuamos a necesitar esforzos locais, mundiais, conxuntos e interxeracionais para facer que o mundo sexa un lugar pacífico e igualitario para todas as persoas.

Para coñecer máis testemuños de mulleres: http://beijing20.unwomen.org/es/voices-and-profiles/women-of-achievement

Glosario

Sexo: Refírese ás características/ atributos biolóxicos que distinguen o macho e a femia desde o nacemento.

Xénero: Diferenzas construídas social e culturalmente, aprendidas desde a infancia que son atribuídas a mulleres e homes en función do seu sexo e que xeran situacións de desigualdade e discriminación para coas primeiras.

Estereotipos de xénero: Os estereotipos de xénero son imaxes mentais, trazos e crenzas que atribúen características diferentes (sexual e xenericamente) a mulleres e varóns como grupos. Varían pouco duns lugares a outros: son bastante homoxéneos. Son bipolares: atribúense ás mulleres calidades ou debilidades que son excluídas nos varóns, e viceversa. O paradigma do "humano" é sempre masculino, non existe como referente universal un referente feminino.

Papeis de xénero: Papeis, comportamentos e expectativas atribuídas a mulleres e homes en función do seu sexo e que determinan a súa forma de ser, sentir e comportarse na sociedade.

Patriarcado: Forma de organización cultural, económica, política, social e relixiosa en que a autoridade, poder, liderado e, en xeral, o predominio, é exercido polos homes sobre as mulleres, as cales se encontran nunha situación de opresión.

Machismo: Actitudes e comportamentos de dominio, prepotencia e superioridade dos homes para coas mulleres, tendentes a manter a orde social en que exercen o poder e en que as mulleres se encontran sometidas, discriminadas e oprimidas.

Feminismo: Corrente ideolóxica, social, cultural, económica e política dirixida a instaurar a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

Micromachismos: Comportamentos e hábitos de dominación e violencia masculina na vida cotiá e nas relacións de parella.

Conciliación da vida laboral e da persoal: Prácticas dirixidas a harmonizar o tempo persoal, familiar e profesional e/ou laboral de mulleres e homes que ten como obxectivo principal apoiar a incorporación das mulleres ao ámbito produtivo e dos homes ao espazo privado ou reprodutivo, favorecendo a igualdade de oportunidades e dereitos.

Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes: Situación en que todas as persoas, con independencia do seu sexo, teñen o dereito e a oportunidade de desenvolver as súas capacidades e aspiracións, tomando decisións e desenvolvéndose ao nivel individual e social á marxe das limitacións e papeis de xénero socialmente es-

tablecidos para mulleres e homes que limitan os seus comportamentos.

Coeducación: Proceso intencionado de intervención que potencia o desenvolvemento de alumnos e alumnas partindo da realidade de dous sexos diferentes, e que persegue un desenvolvemento persoal emocional e afectivo e unha construción social común e non enfrontada. Non hai que confundir "coeducación" con "educación mixta", pois o simple agrupamento de nenas e nenos nas aulas, aínda que imprescindíbel, non garante un ensino máis xusto e igualitario.

Transversalidade de xénero: Sinónimo de *mainstreaming* de xénero ou abordaxe integrada de xénero, para se referir á responsabilidade de todos os poderes públicos no avanzo da Igualdade entre mulleres e homes. É a aplicación do Principio de Igualdade de Trato e de Oportunidades entre mulleres e homes ás Políticas Públicas, de modo que sexa garantido o acceso a todos os recursos en igualdade de condicións, sexan planificadas as políticas públicas tendo en conta as desigualdades existentes, e sexan identificados e avaliados os resultados e impactos causados por estas no avanzo da igualdade real.

Bibliografía

Ramos Jiménez, Ismael. *Desmontando a Disney. Hacia el cuento coeducativo*, <http://www.juntadeandalucia.es/educacion/portalaverroes/documents/10306/1583912/Desmontando+a+Disney>.

Autoría Compartida. *Los hombres, la igualdad y las nuevas masculinidades*, Emakunde – Instituto Vasco de la Mujer, Vitoria-Gasteiz, 2008, <http://es.calameo.com/read/00134756206b7e4163b38>, <http://www.aulaviolenciadegeneroenlocal.es/consejosescolares/archivos/P_013_los_hombres_la_igualdad.pdf>.

Autoría Compartida. *Contamos igual: guía didáctica para profesorado de educación infantil*, <http://www.educa2.madrid.org/web/revista-digital/publicaciones-infantil/-/visor/contamos-igual-guia-didactica-para-profesorado-de-educacion-infantil;jsessionid=94B4E785EA495AB7E857E212F86F5C25>.

Mateos Gil, Almudena e Itxaso Sasiain Villanueva. *Contar cuentos. Cuenta en femenino y en masculino*, Instituto de la mujer, Cuadernos de educación no sexista, n.º 18, <http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/publicaciones/serieEducacNoSexista/docs/Cuaderno18.pdf>.

Martínez Ten, Luz e Rosa Escapa Garrachón. *Cómo compartir la vida en igualdad. Guía práctica para chicas y chicos*, <http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/guiacompartir.pdf>.

Autoría Compartida. *Coeducación: dos sexos en un solo mundo*, Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado (INTEF). Módulo 6 – Proyectos de vida, Madrid, 2012, <http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/112/cd/m6/los_estereotipos.html>.

Autoría Compartida. *"Por preguntar que no quede. Nosotras creamos mundo"*, en Cuadernos de educación en valores n.º2, Instituto de la Mujer / CIDE, Madrid, 2006, <http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/112/cd/pdfs/modulo_6.pdf>.

Vázquez Verdera, V., J. Escámez Sánchez, e R. García López. *Educación para el cuidado. Hacia una nueva pedagogía*, Brief, 2012, <http://revistas.ucm.es/index.php/RCED/article/viewFile/47172/44235>.

Autoría Compartida. *Cómo ser un cole de cuidado. Propuestas para tu centro educativo*, InteRed, 2014, <http://redciudadaniaglobal.org/noticias/como-ser-un-centro-de-cuidado-propuestas-para-tu-centro-educativo/#.VcnOw3HtlBc>.

Martínez Ten, Luz. *Interculturalidad y práctica docente*, <http://www.escuelasinterculturales.eu/spip.php?article148>.

Recursos Educar para unha cidadanía global

Kaidara
www.kaidara.org

Experiencias e recursos educativos elaborados por Oxfam Intermón e membros da Rede de educadores e educadoras para unha cidadanía global. Os recursos poden ser descargados libremente e tanto a web como practicamente todos os materiais están dispoñíbeis en castelán, catalán, vasco e galego.

Pistas para mudar a escola
OXFAM-INTERMÓN (2009). Barcelona

Para construír unha corrente de cidadanía global, responsábel coa humanidade e co planeta, é preciso asentar os fundamentos desde a escola. Quen cultivamos esa convicción no día a día das aulas sabemos que non o temos fácil. O sistema educativo actual ofrece escasas respostas. Necesitamos dun novo modelo, humanista, baseado no diálogo e na convivencia, que constrúa a escola-comunidade, preocupada pola xustiza, aberta ao contorno e ao mundo. O gran desafío reside en construír unha educación para "ser", e para transformar.

http://www.kaidara.org/gl/recurso/Pistas-para-cambiar-la-_escuela

Centros educativos transformadores: cidadanía global e transformación social
OXFAM-INTERMÓN (2012). Barcelona

Esta publicación recolle e dialoga criticamente con outros modelos educativos que entroncan parcial ou totalmente con este ideal transformador, e concreta itinerarios transformadores viábeis a partir de prácticas a tres niveis: prácticas docentes (ámbito do ensino-aprendizaxe), organizativas (ámbito de organización e relacións), e políticas (ámbito do contorno e da transformación social).

http://www.kaidara.org/gl/recurso/centros-educativos-transformadores

Ficha 1: Guía para analizar contos

A presente guía que propomos é útil para reflexionar sobre se un libro ou un conto conteñen elementos sexistas.

Pode ser interesante utilizala como material de apoio e consulta, sen ter que responder de maneira exhaustiva a cada unha das preguntas que propón.

1. Título: Refírese a un personaxe masculino ou feminino?

2. Protagonismo: É masculino, feminino ou compartido? Está xerarquizado?

3. Número de personaxes femininos e masculinos:

- Aparecen mulleres no conto ou faise referencia a elas?
- Está xustificada a súa ausencia?
- Aparecen homes no conto ou faise referencia a eles?
- Está xustificada a súa ausencia?
- Hai heroes e heroínas na historia?

4. Profesións desempeñadas por mulleres e homes.

5. Participación de mulleres e homes en actividades de lecer e tempo libre.

6. Papel de cada sexo desempeñado nos distintos espazos de relación (convivencia no lar, escolar, profesional, e participación social e política):

- Que actividades levan a cabo as mulleres e que actividades os homes?
- O conto vai máis alén da muller boa (caracterizada usualmente como princesa) e da muller ma (caracterizada habitualmente como bruxa malvada)?
- O conto transcende o modelo tradicionalmente masculino violento? E o modelo masculino tradicional de home seguro de si propio e sen capacidade de expresar emocións e vulnerabilidade?
- Quen coidan? Quen son coidadas ou coidados?
- Son os personaxes femininos suxeitos ou obxectos de desexo? E os masculinos?
- Os desexos femininos son tomados en conta? E os masculinos?
- Quen toma a iniciativa? Quen secunda?
- Quen rescata e axuda a quen?
- Que modelos de relacións e de sexualidade aparecen?
- É recoñecida a sexualidade masculina? E a feminina?
- O caso de que cada sexo desempeñe diferentes papeis, é entendido como natural (biolóxico) ou social? Faise crítica ou non dos estereotipos atribuídos a cada sexo? Concíbense outras alternativas?
- Dáse valor desigual ao que fan elas e eles?

7. Referentes femininos e masculinos:

- Existen varios referentes masculinos e femininos no conto?
- Que valores femininos e masculinos recolle o conto?

8. Tipos de familias:

- Que figuras aparecen nas familias?
- Que características teñen as familias felices? E as infelices?
- Hai ausencias ou figuras que non son nomeadas? Cales?
- Que tipo de trato teñen entre si?

9. Relacións:

- Os personaxes femininos colaboran ou axúdanse entre si? Compiten?
- Os personaxes masculinos colaboran ou axúdanse entre si? Compiten?
- Son descritas relacións de confianza e respecto mutuo entre un e outro sexo?

10. Descrición física e de vestiario de mulleres e homes:

- Que modelos de beleza se presentan para as mulleres? E para os homes?
- Hai unha asociación entre beleza, intelixencia e seguridade nunha mesma ou nun mesmo?
- As roupas de mulleres e homes serven como característica para lles atribuír un sexo? As roupas de mulleres e homes serven para caracterizar a súa condición social?

11. Características psicoafectivas e de comportamento:

- Quen exercen a forza, elas ou eles? Quen mostran os seus sentimentos?
- Que connotacións ten?
- Que consecuencias diferenciais ten o seu comportamento para personaxes femininos e masculinos?
- Que castigos son aplicados ás nenas/mulleres? Cales son aplicados aos nenos/homes?

12. Perigos que xorden:

- Qué perigos axexan aos nenos/homes? E ás nenas/mulleres?
- Quen aparece como vítima?
- Que comportamento teñen perante o perigo os personaxes masculinos, por un lado, e os femininos, polo outro?

13. Usos da linguaxe:

- Noméase en masculino e en feminino?
- Son utilizadas expresións que infravalorizan o feminino?
- Aparecen expresións que sobrevalorizan o masculino?
- Que adxectivos se asocian a cada sexo?

14. Figuras de poder:

- Que sexo teñen as persoas con poder que aparecen no conto?

15. Tipo de desenlace:

- O final feliz ou infeliz depende do aspecto físico do mozo ou da moza?
- Acaba cunha reflexión moral ou cunha reflexión que abre novas preguntas e posibilidades?

16. Ilustracións:

- Aparecen mulleres e homes? Como reflicten as ilustracións a unhas e outros?
- Que modelos de beleza transmiten? Son saudábeis?
- Mostran variedade de formas, cores e proporcións?

Deseñado a partir de *Contar cuentos. Cuenta en femenino y en masculino*, Almudena Mateos Gil e Itxaso Sasiain Villanueva (Instituto da Muller)

kaleidoskópio

Autoría:
Barabara Educació SCCL.

Coordinación:
Begoña Carmona

Rede de Educadores e Educadoras para unha cidadanía global:
A comisión de Conectando mundos da Rede asesora e dá seguimento á elaboración dos contidos desta proposta educativa: Pablo Cuenca, Santiago García, Esther Gutiérrez, Teresa Hernández, Flor López, Jordi Riera e Arantza Zubizarreta.

Deseño e maquetaxe:
Estudi Lluís Torres

Corrección lingüística:
Albert Nolla

Ilustración:
Espais Telemàtics

Tradución:
Mário Herrero

Máis informacións sobre a proposta educativa de Oxfam Intermón

- Web: http://www.oxfamintermon.org/es/que-hacemos/campanas-educacion/educacion/propuestas-educativas
- Facebook: "Educar para unha cidadanía global" https://www.facebook.com/Educar-para-una-ciudadan%C3%ADa-global-765403543496049/
- Correo: educacion@oxfamintermon.org

BY NC SA

Esta obra ten unha licenza Creative Commons

Cooperación Española

MOVIMIENTO POR LA EDUCACIÓN TRANSFORMADORA Y LA CIUDADANÍA GLOBAL

Esta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), con cargo ao Convenio "**Movemento pola educación transformadora e pola cidadanía global no ámbito da educación formal (código: 14-CO1-642)**". O contido da referida publicación é responsabilidade exclusiva de Oxfam Intermón e non mostra necesariamente a opinión da AECID.

OXFAM Intermón